

Produto interior bruto municipal

Último ano incluído: 2020

Resumo de resultados 23/12/2022

ÍNDICE

Introdución	1
Datos por concello	2
Distribución do Produto Interior Bruto total	2
Produto Interior Bruto por habitante	3
Estrutura produtiva dos concellos de máis de 10.000 habitantes	4
Datos por comarca	5
Distribución do Produto Interior Bruto total	5
Produto Interior Bruto por habitante	6
Especialización produtiva por comarca	6
Datos por provincia	8
Definicións, fontes e máis información	9

Introdución

O obxectivo desta operación estatística é obter estimacións municipais do Produto Interior Bruto (PIB) coherentes coa estimación do resto de operacións estatísticas do Sistema de Contas Económicas do IGE.

O PIB é unha macromagnitude económica que resume o volume de actividade produtiva nun espazo económico nun período de tempo determinado. É o resultado dos procesos de produción de diversos axentes que operan en cada concello (empresas, fogares, administracións públicas, etc.) producindo bens e servizos finais. O PIB vai depender do emprazamento das unidades produtivas nun concello pero o desenvolvemento das actividades produtivas pode non ter reflexo claro na renda dos fogares.

O punto de partida é a información dispoñible nas Contas Económicas Anuais, nas que se estiman as contas de produción e explotación para 72 ramas de actividade.

Esta publicación achega datos de actividade económica nos concellos e comarcas de Galicia para o ano 2020, inclúe o paso a definitivos das estimacións de 2018 (que tiñan carácter provisional na anterior publicación) e completa a serie iniciada en 2010.

Para cada concello publícase o seu Produto interior bruto (PIB) e naqueles cuxa poboación supere os 10.000 habitantes ofrécese ao usuario unha desagregación en catro sectores de actividade. No caso das comarcas e as provincias, sempre que se garde o segredo estatístico, difúndense datos a 12 ramas de actividade.

Na difusión de resultados inclúense, así mesmo, datos PIB por habitante. A poboación utilizada neste cálculo é a poboación a 1 de xullo de cada ano t , estimada, para períodos anteriores a 2020, como promedio da poboación a 1 de xaneiro do ano t e a 1 de xaneiro do ano $t+1$, a partir das [Cifras poboacionais de referencia](#) que elabora o IGE. O dato da poboación a 1 de xullo de 2020 está incluído na mencionada operación estatística.

Nota: Os datos de 2020 son provisionais.

Datos por concello

Distribución do Produto Interior Bruto total

Os sete grandes concellos concentran o 44,7% do Produto Interior Bruto de Galicia

Vigo é o concello con maior nivel de actividade produtiva, cun PIB de 7.759 millóns de euros, seguido do concello da Coruña que xerou 6.786 millóns de euros en 2020. Entre ambos concellos achegan o 24,8% do PIB de Galicia.

O terceiro concello en xeración de valor engadido é Santiago de Compostela, que en 2020 xerou 3.593 millóns de euros. Tras Santiago sitúase Ourense con 2.300 millóns de euros, e a continuación os concellos de Lugo, Pontevedra, Arteixo e Ferrol.

Os concellos do Porriño e Oleiros completan a táboa dos dez primeiros concellos por volume de actividade económica.


Estrutura do Produto Interior bruto (PIB) dos dez concellos con maior PIB. Ano 2020
Unidade: porcentaxe sobre o PIB

Os dez concellos de Galicia con maior Produto Interior Bruto (PIB) municipal no ano 2020.

Unidade: miles de euros

concello	2020	Achega ao PIB de Galicia
Vigo	7.759.222	13,2
A Coruña	6.786.388	11,6
Santiago de Compostela	3.592.641	6,1
Ourense	2.300.095	3,9
Lugo	2.286.524	3,9
Pontevedra	2.052.064	3,5
Arteixo	2.040.203	3,5
Ferrol	1.466.515	2,5
O Porriño	955.129	1,6
Oleiros	768.542	1,3

Fonte: IGE. Produto interior bruto municipal ([descarga da táboa](#))



Produto Interior Bruto por habitante

O indicador PIB por habitante en espazos reducidos, como os concellos, debe tomarse con cautela, xa que en moitos casos a xeración de valor no concello non ten porque estar relacionada cos habitantes que residen nel, sexa pola estrutura produtiva do concello (especializado en actividades con pouca forza de traballo) ou porque os traballadores que xeran valor no concello non residan nel.

Muras é o concello con maior PIB por habitante no ano 2020

Os concellos con maior PIB por habitante caracterízanse por ter uns niveis de actividade moi relevantes no seu concello pero non se atopan entre os máis poboados de Galicia. Só Arteixo supera os 30.000 habitantes entre os primeiros concellos en PIB por habitante.

Algunhas das características dos concellos cun maior nivel de PIB por habitante son:

- Hai concellos que contan cun tecido industrial consolidado, están próximos aos grandes núcleos de poboación e teñen acceso a vías de comunicación de alta capacidade. Neste grupo podemos clasificar ao concello de Arteixo, San Cibrao das Viñas, Rábade, O Porriño ou Bergondo.
- Hai concellos nos que o emprazamento dun grupo empresarial elevou os niveis de actividade económica: Arteixo é o principal exemplo, pero As Somozas, Padrón, Cervo, ou Curtis tamén se atopan neste grupo.
- Hai concellos nos que se xera un valor engadido moi elevado pola explotación dun recurso natural – mineiro ou enerxético fundamentalmente – como ocorre nos casos de Carballeda de Valdeorras, Muras, Manzaneda, Ourel, Vilariño de Conso ou Nogueira de Ramuín.


Índice do PIB municipal por habitante (Galicia=100). Ano 2020.

Os quince concellos de Galicia con maior Produto Interior Bruto (PIB) por habitante. Ano 2020.

Unidade: euros por persoa, persoa

concello	PIB por habitante	Poboación
27033 Muras	88.338	690
32017 Carballeda de Valdeorras	84.201	1.548
32092 Vilariño de Conso	67.904	690
32075 San Cibrao das Viñas	63.175	5.478
15005 Arteixo	61.671	33.105
15081 As Somozas	58.016	1.123
32044 Manzaneda	57.723	870
27056 Rábade	54.572	1.595
36039 O Porriño	51.145	18.831
15008 Bergondo	49.749	6.810
32052 Nogueira de Ramuín	45.232	2.033
15065 Padrón	41.670	8.434
27013 Cervo	41.095	4.227
27038 Ourel	39.620	1.043
15032 Curtis	38.410	4.104

Fonte: IGE. Produto interior bruto municipal ([descarga da táboa](#))



Estrutura produtiva dos concellos de máis de 10.000 habitantes


Para os concellos maiores de 10.000 habitantes achégase información do valor xerado no sector primario, industrial e enerxético, construción e servizos, ademais dos impostos netos sobre os produtos.

Para o [conxunto da economía galega do ano 2020](#) o sector primario achegou o 4,7% do PIB, a Industria e enerxía o 14,7%, a construción o 6,6%, o sector servizos o 65,5% e os impostos sobre os produtos representan o 8,6% restante. Tomando como referencia estes datos, e á vista da estrutura produtiva dos concellos de máis de 10.000 habitantes, podemos destacar os seguintes trazos deste grupo de concellos:

- Os concellos nos que o sector primario ten unha maior achega ao PIB son Sarria, Lalín, Viveiro e Tomiño. En todos eles a achega do sector ao PIB non é inferior ao 12,1%.
- O Porriño é o concello no que o sector secundario (industria e enerxía) ten unha maior achega ao PIB (algo máis da metade). Nas Pontes de García Rodríguez o 44,8% do PIB procede deste sector, e noutros concellos como Vilalba, Nigrán, Ribeira, Caldas de Reis e Boiro achega máis dunha cuarta parte.
- No concello de Oleiros a construción achegou o 22,3% do PIB no ano 2020. Outros concellos nos que este sector achega máis do 13% son Carballo e Ames.
- Ferrol é o concello de máis de 10.000 habitantes no que o sector servizos achega máis ao Produto Interior Bruto. Boa parte das sete grandes cidades tamén teñen unha achega deste sector ao PIB próxima ao 75%. Tamén aparecen cabeceiras comarcais como Betanzos ou Monforte, así como vilas moi orientadas ao sector servizos como Sada, Barbadás ou Baiona.


Os quince concellos de máis de 10.000 habitantes con maior peso do VEB do Primario. Ano 2020

Unidade: porcentaxe sobre o PIB




Os quince concellos de máis de 10.000 habitantes con maior peso do VEB da Industria. Ano 2020

Unidade: porcentaxe sobre o PIB




Os quince concellos de máis de 10.000 habitantes con maior peso do VEB da Construción. Ano 2020

Unidade: porcentaxe sobre o PIB


Os quince concellos de máis de 10.000 habitantes con maior peso do VEB dos Servizos. Ano 2020

Unidade: porcentaxe sobre o PIB



Datos por comarca

Distribución do Produto Interior Bruto total

A comarca da Coruña é a principal de Galicia en termos de actividade económica. En 2020 xerou un PIB de 11.306 millóns de euros, o que representa o 19,3 % do total de Galicia. Con respecto ao 2018 a actividade reduciuse un -9,4 %.

A comarca de Vigo tivo un PIB de 10.709 millóns de euros, que representa un 18,2 % do total galego e entre 2018 e 2020 caeu un -0,1%. As seguintes comarcas, en orde de magnitude, son as de Santiago, Ourense, Ferrol, Lugo e Pontevedra. Estas sete comarcas achegan o 65,3 % do PIB de Galicia e en todas elas o nivel de actividade económica reduciuse con respecto ao ano 2018.

Fóra das comarcas cuxa cabeceira é un dos sete grandes concellos de Galicia, destacan O Salnés, O Morrazo e Barbanza. A suma destas tres comarcas representan o 7,5 % do PIB galego.

As dez comarcas de Galicia con maior Produto Interior Bruto (PIB). Ano 2020.

Unidade: miles de euros, taxa de variación interanual e achega ao PIB en %

Comarca	PIB	Achega ao PIB de Galicia	Taxa de variación 2018-2020
1506 A Coruña	11.306.301	19,3	-9,4
3610 Vigo	10.709.011	18,2	-0,1
1514 Santiago	4.665.096	7,9	-2,3
3205 Ourense	3.224.748	5,5	-7,0
1508 Ferrol	2.911.802	5,0	-4,5
2704 Lugo	2.784.648	4,7	-0,1
3607 Pontevedra	2.729.559	4,6	-2,9
3608 O Salnés	1.961.954	3,3	-3,8
3605 O Morrazo	1.225.317	2,1	-6,6
1502 Barbanza	1.194.812	2,0	-2,5

 Fonte: IGE. Produto interior bruto municipal ([descarga da táboa](#))

Produto Interior Bruto por habitante

Ao igual que pasaba no caso dos concellos, se falamos de PIB por habitante a situación das comarcas é diferente. O Sar presenta un PIB por habitante de 28.291 euros, é dicir, case o dobre da media de Galicia. A comarca da A Coruña rexistra a segunda cifra de PIB por habitante con máis de 28.024 euros. As comarcas de Santiago e Terra de Trives sitúanse en terceiro e cuarto lugar respectivamente, mentres a comarca de Vigo é a quinta cun PIB por habitante de 25.772 euros.

A Paradanta, Terra de Celanova, Muros e O Condado están entre as comarcas con menor actividade produtiva por habitante. En todas elas o PIB por habitante é inferior ao 60 % da media de Galicia.

As dez comarcas de Galicia con maior Produto Interior Bruto (PIB) por habitante. Ano 2020.

Unidade: euros por persoa

Comarca	PIB por habitante
1515 O Sar	28.291
1506 A Coruña	28.024
1514 Santiago	27.284
3209 Terra de Trives	26.769
3610 Vigo	25.772
2708 Meira	25.270
2706 A Mariña Occidental	25.230
2702 Chantada	23.760
2704 Lugo	23.629
1507 Eume	23.221

Fonte: IGE. Produto interior bruto municipal ([descarga da táboa](#))

As dez comarcas de Galicia con menor Produto Interior Bruto (PIB) por habitante. Ano 2020.

Unidade: euros por persoa

Comarca	PIB por habitante
3606 A Paradanta	11.839
3208 Terra de Celanova	12.115
1510 Muros	12.120
3603 O Condado	12.865
1503 A Barcala	13.198
3211 Verín	13.672
1511 Noia	13.850
3202 Baixa Limia	13.866
3601 O Baixo Miño	14.105
3201 Allariz-Maceda	14.758

Fonte: IGE. Produto interior bruto municipal ([descarga da táboa](#))

Especialización produtiva por comarca

As estimacións publicadas polo IGE achegan información da estrutura produtiva das comarcas cun nivel de desagregación de 12 ramas de actividade, sempre que a salvagarda do segredo estatístico o permita. Este detalle permite construír uns índices de especialización relativa, que comparan a estrutura produtiva de cada comarca coa de Galicia, identificando aqueles sectores máis predominantes, en termos relativos.

Dezoito comarcas teñen especialización produtiva no sector primario (inclúe agricultura, ganderaría, pesca e silvicultura) e once comarcas teñen especialización produtiva no sector enerxético (Eume, Fisterra, Terra de Soneira, Chantada, Terra Chá, Baixa Limia, O Ribeiro, Terra de Celanova, Terra de Trives, Viana e A Paradanta).


A presenza da industria manufactureira é sobranceira en varias comarcas:

- Especialización produtiva no sector da extracción e fabricación doutros minerais non metálicos: comarcas de Ortegá, Xallas, A Fonsagrada, Quiroga, Valdeorras e O Baixo Miño. O 37,8 % do valor engadido galego deste sector xérase nestas comarcas. A importancia do sector na comarca de Valdeorras queda reflectida polo seguinte dato: o 20,5 % do PIB comarcal provén deste tipo de actividades produtivas.
- Especialización produtiva no sector da madeira (inclúe a industria da madeira, do papel e fabricación de mobles): comarcas de Ordes, Santiago, Lugo, O Condado, Pontevedra e Tabeirós-Terra de Montes.
- Especialización produtiva no sector industrial agroalimentario: comarcas do Barbanza.

- As comarcas de Ferrol, O Morrazo e Vigo presentan especialización produtiva no sector de fabricación de material de transporte e grandes reparacións (inclúe a fabricación de automóbiles e a construción naval, entre outras).
- Especialización produtiva no sector da metalurxia, produtos metálicos, electrónicos, eléctricos e maquinaria: comarcas do Sar, A Mariña Occidental, Carballiño, Caldas e Salnés.
- As comarcas de Betanzos e Ourense presentan especialización relativa no Resto da Industria, sector que agrupa as actividades do refinamento de petróleo, industria téxtil e confección, farmacéutica, química e plásticos, xunto con outras actividades de menor entidade non recollidas noutras categorías.
- As Actividades de información, financeiros, inmobiliarios e profesionais é o sector de especialización da comarca da Coruña.

Non hai ningunha comarca que presente especialización produtiva na rama da construción, no Comercio, transporte e hostalería ou na rama que agrupa as actividades da Administración pública, Educación, Sanidade e outros servizos.

Especialización produtiva por comarca. Ano 2020.



Fonte: IGE. Produto interior bruto municipal

NOTA: calcúlase un índice de especialización para cada comarca e sector como o cociente entre o peso do VEB do sector na comarca e o peso do VEB do sector na economía galega. En cada comarca defínese o sector de especialización como aquel que presenta o maior valor dos índices anteriores.

Datos por provincia

Nas provincias da Coruña e Pontevedra xérase o 78,0 % da produción final de Galicia

Por agregación dos datos municipais obtéñense os datos provinciais. A provincia da Coruña é a responsable do 44,2 % da actividade económica xerada en Galicia e ten un PIB por habitante superior nun 6,2 % á media da Comunidade autónoma. A provincia de Pontevedra ten un PIB de 19.815 millóns de euros, pero o PIB por habitante é inferior á media. Ourense achega o 10,1 % da xeración de valor na nosa comunidade e é a provincia cun PIB por habitante inferior.

Produto Interior Bruto (PIB), achega ao PIB de Galicia e PIB por habitante. Galicia e provincias. Ano 2020.

Unidade: PIB en miles de euros, PIB por habitante en euros, achega ao PIB en porcentaxes

Espazo	PIB	Achega ao PIB de Galicia	PIB por habitante	PIB por habitante sobre a media galega
12 Galicia	58.705.921	100,0	21.755	100,0
15 A Coruña	25.952.818	44,2	23.113	106,2
27 Lugo	7.035.695	12,0	21.506	98,9
32 Ourense	5.902.896	10,1	19.312	88,8
36 Pontevedra	19.814.512	33,8	21.016	96,6


Fonte: IGE. Produto interior bruto municipal ([descarga da táboa](#))

Por grandes sectores económicos nas catro provincias o sector servizos é o máis destacado pola súa achega ao PIB provincial, porén cómpre destacar algúns aspectos significativos de cada provincia:

- En Ourense destaca o peso da industria e enerxía: supón o 18,1 % do PIB, mentres no conxunto de Galicia supón o 14,7 %.
- En Lugo o sector primario pesa un 12,6 % do PIB da provincia, mentres en Galicia supón o 4,7 %.
- A Coruña é a provincia na que o sector servizos ten maior presenza na actividade produtiva: un 69,3 % no ano 2020
- Pontevedra presenta un sector industrial que achega ao PIB un 17,3 %, e un sector primario cunha contribución baixa (un 2,9 %, máis dun punto menos que no total da Comunidade autónoma).

Estrutura do Produto Interior bruto (PIB) de Galicia e as súas provincias. Ano 2020.

Unidade: porcentaxe sobre o PIB



Fonte: IGE. Produto interior bruto municipal ([descarga da táboa](#))

Definicións, fontes e máis información

Definicións

- Definicións

Máis información:

- PIB e PIB por habitante
- PIB a 12 ramas de actividade. Provincias e comarcas
- PIB a 4 ramas de actividade. Concellos de máis de 10.000 habitantes